

PLENO

**ACTA 2022/01 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 13/01/2022.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 10:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 4 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 5 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Lidia López Gándaras (PP)
- 8 Silvia Suárez García (PP).
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 10 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 11 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 12 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario do Concello D. Federico Suárez Cancelo, asiste igualmente o interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Preside inicialmente o Pleno da Corporación D. Luís Rey Villaverde na súa condición de Alcalde da Corporación. Non asisten as concelleiras D^a. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE) e D^a. María Teresa Cendal Iglesias (OR).

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar se procede a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020. (Exp. 2021/X999/000545).

O Sr. Alcalde da por aberta a sesión pasándose a continuación a tratar os diferentes asuntos da orde do día:

1.-Aprobar se procede a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020. (Exp. 2021/X999/000545).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER que con data 23 de novembro de 2021 a Conta Xeral do exercicio 2020 foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas.

E DE VER que a Conta Xeral estivo exposta ó público, segundo consta no anuncio no BOP de data 1 de decembro de 2021, durante 15 días para que os interesados puidesen examinala e interpoñer as reclamacións que

PLENO

estimasen durante este prazo, tal coma dispón o artigo 212.3 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora de facendas locais.

E DE VER que durante o período de exposición non se presentaron reclamacións segundo consta no certificado do secretario municipal de data 10 de xaneiro de 2022.

Por medio da presente, e de conformidade co previsto no artigo 212 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais,

PROPOÑO ao Pleno do Concello que proceda á adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2020.

SEGUNDO.- A remisión de copia da mesma ó Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas do Reino.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que ao marxe da tramitación administrativa da Conta Xeral hai aspectos que afectan á política económica do concello como é o feito de que o Concello careza dunhas oficinas en propiedade para urbanismo que é un dos servizos mais importantes do Concello ou que por exemplo tampouco se conte cunha nave en propiedade para os operarios municipais ou o feito de que a flota de vehículos de protección civil teña que durmir na rúa. Precisamos unha política económica encamiñada a incrementar este patrimonio municipal en propiedade para este tipo de servizos.

Por outro lado, o alto número de servizos municipais que se prestan por empresas privadas como a escola de música, limpeza de edificios, piscina etc.. consideramos que aquí tamén existe unha merma de recursos e que poderían ser obxecto de prestación directa algún deles o que suporía un aforro.

Finalmente, tamén os gastos políticos poderían reducirse, como xa dixen moitas veces se poderían levar a cabo estas reunións que duran cinco minutos de xeito telemático e se aforrarían o custo das asistencia. Igualmente para as Xuntas de Goberno que duran cinco minutos e nas que poderían acudir os concelleiros que teñen dedicación e así se aforrarían cartos ou os gastos en publicidade ou prensa. É certo que as contas son as que son pero este tipo de gastos se poderían controlar e reducir.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que a Consta Xeral se ten que enmarcar nun contexto excepcional como é o da pandemia. Polo que atinxe á Conta Xeral en si vemos que ten as mesmas eivas que outros anos, como é o abuso do contrato menor, tal como pon de manifesto o informe do Interventor. É certo que as veces o contrato menor é necesario, pero noutras ocasións que se trata de gastos recorrentes todos os anos, como

PLENO

por exemplo a comida da terceira idade cando se facía, que poderían sacarse a licitación. É certo que a ratio de ingresos é alto. Igualmente, se pon de manifesto que o PXOM non se está a cumprir o que dalgún xeito respalda o que xa dixemos de que era necesario realizar un novo PXOM e non andar con modificacións. Fálase igualmente no informe do Interventor da necesidade de regular as terrazas e vados. En relación ás terrazas se fixo chegar á hostalería un borrador, sen contar cos grupos da oposición e poderíamos aportar ideas, en todo caso digo xa que non estamos de acordo con tal borrador, parece deseñado para unha cidade grande e é mellor unha ordenanza de tres páxinas pero que se poida cumprir. Igualmente a execución orzamentaria é moi baixa pero non é menos certo que estamos moi condicionados pola Covid.

O Sr. Alcalde sinala que temos que agradecer a D. Alexander Doval Expósito que se teña lido a Conta Xeral xa que D. José Manuel Mirás Pulleiro non o fixo, falou de cousas que xa dixo outras veces que nada ten que ver coa Conta Xeral, cousas que xa temos apuntadas pero que non teñen relación coa Conta Xeral. Temos falta de locais? Si. Pero se trata de mercar un local novo? Non. Se trata de facer un concello novo onde podan estar todos os servizos municipais, iso sería o ideal, e non que estean espallados polo pobo e que a xente se ten que facer unha xestión en servizos sociais teña que ir a un sitio e para urbanismo a outro . O aluguer é algo temporal, pero para facer un concello novo é necesario buscar recursos económicos. En canto a ter mais servizos prestados directamente polo Concello, está moi ben pero o problema é como o facemos xa que non podemos contratar persoal propio. Aínda así, o montante de contrato menor ascende a 1.200.000 euros o que supón que se rebaixou respecto ao exercicio anterior en 200.000 euros. E se se mira con certo detalle verase ben que 621.000 euros son de contratos de subministros e outros 400.000 de servizos, temos que ter en conta os efectos da pandemia nestes contratos. Polo tanto so 121.000 son contratos menores de obra que quizá aquí é onde mais se podería axustar. O nivel de autonomía financeira é do 45% mentres que a meda do Estado é de 60% polo que cando se di que a carga fiscal en Oroso é alta estes datos o desminten, e non o digo eu se non que o di un habilitado nacional, neste caso o Interventor. A presión fiscal no concello é de 347,07 euros, mentres que a media de Galicia serían 150 euros mais e a media en España é de 280 euros mais.

Determinados servizos ou subministros é moi difícil licitalos como pode ser o servizos de fontanería ou a carpa que por exemplo este ano se a tiveramos licitado perderíamos diñeiro xa que non se puido utilizar. Afirmo o Interventor que é difícil facer mais contratación aberta porque se conta con pouco persoal. Decía o pasado Pleno D. José Manuel Mirás Pulleiro que onde se atopaban os 900.000 euros prometidos para as parroquias e a realidade é que están en licitación, pero si se presentan 40 empresas é necesario analizar ás 40 empresas e so temos unha única persoa. En todo caso a débeda cos bancos é baixa e o informe do Interventor en relación á Conta Xeral é favorable. En canto ás terrazas pasamos un borrador precisamente para que os hostaleiros poñan, quiten ou digan o que consideren e poder traballar sobre el.

PLENO

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que contratar non se pode pero se pode remunicipalizar, como fixo o Concello de Valladolid coa auga. Non son cousas da Conta Xeral pero son cousas de política económica, un aluguer dun local é unha merma económica e liberaría crédito para outras cousas. En seis meses a única obra que se iniciou foi o saneamento en Cabanas. O cidadán percibe que contribúe por riba do que aporta, esa idea está na rúa.

D. Alexander Doval Expósito sinala que en relación á falta de locais é un problema que é necesario solucionar, e que é certo que solución ideal sería ter todo no mesmo concello, este concello é de 1983 e é certo que quedou pequeno. Temos un terreo fronte da Renault ou detrás do antigo centro de saúde. É certo que o aluguer é un pouco tirar os cartos, pero non é menos certo que tamén está dando un servizo. Igualmente, sería necesario contar cunha nave onde poder meter o material dos operarios municipais.

Polo que respecta á remunicipalización sempre poño como exemplo o servizo de axuda no fogar porque está en mans dunha concesión pese a que depende da concelleira do BNG. En relación a isto temos exemplos de todo tipo, sitios onde os servizos propios funcionan ben e noutros non tan ben e sitios onde se presentan os servizos por empresas privadas e que funcionan ben e noutros non tan ben.

En canto a que se baixou a contratación menor este ano, que dixo o Sr. Alcalde, o certo é que se segue abusando e que é moi probable que no ano 2021 volva a subir. En canto ao tema da presión fiscal, o certo é que a Xunta baixou os impostos e segue a prestar os servizos e afirma que está de acordo en que a xente ten a percepción de que aporta mais do que recibe. Respecto das comparativas e dos datos se poden facer moitas pero a única comparativa que vale é cando á xente lle chega o recibo a casa e o ve, e ve como ten que pagar mais polo coche que en Trazo ou en Ordes. En canto ás terrazas, certo é que é un borrador, pero é un borrador complexo, creo que ten 20 páxinas e polo tanto é difícil de cumprir en Oroso, e reiteramos que nos gustaría que ese tipo de iniciativas se comunicase aos grupos da oposición para que puideramos facer as nosas aportacións. En todo caso, respecto da Conta Xeral anunciamos que o noso grupo se vai a abster tendo en conta a situación da Covid que condiciona os gastos.

O Sr. Alcalde afirma que do 1.200.000 euros en contratos menores, como xa dixen mais de 600.000 euros son subministros que é moi difícil licitar, xa que se fai falta un tornillo non o vas a licitar. Considera que a culpa de desprestixiar a política moitas veces a temos nos. A sensación de que se paga de mais, sempre se vai a ter, como cando un merca un automóvil, pero creo que a xente de Oroso ve axustado o servizo que recibe polo que paga. O de facer mais con menos é moi bonito dicilo pero logo non se pode levar a cabo. En canto ao tempo das Xuntas de Goberno Local e o pago das mesmas non so está en función dese tempo da sesión, se non que detrás diso existe un traballo de estudo dos asuntos. Se alguén cre que non ten tempo non debe meterse en política. Todos os concelleiros, incluídos os da oposición deberían cobrar mais, e a política debería ser dignificada pero non se dignifica dicindo

PLENO

que por 5 minutos se cobran 120 euros porque iso é mentira non son so eses 5 minutos.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o pleno por:

Votos a favor: seis (5 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: cinco (4 do PP e 1 de OR) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2020.

SEGUNDO.- A remisión de copia da mesma ó Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas do Reino.”

E non sendo outro o obxecto da presente sesión a Sra. Alcaldesa en funcións da por rematada a mesma levantándose a sesión cando son as 10:20 horas do día sinalado ao comezo da presente acta que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente
Luís Rey Villaverde.

O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.